



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Enfermería Laboral	Código	661G01022	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rumbo Prieto, José María	Correo electrónico	jose.maria.rumbo@udc.es	
Profesorado	Rumbo Prieto, José María	Correo electrónico	jose.maria.rumbo@udc.es	
Web	http://campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Con esta materia preténdese concienciar ao alumno/a sobre a relación entre traballo e saúde. Abordaranse principalmente aquelas formas e condicións laborais do persoal sanitario que poden influír negativamente na saúde e a identificación de riscos ocupacionais no ámbito sanitario e como prevenilos			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A28	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A38	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
A56	Coñecer a lexislación aplicable e o código ético e deontolóxico da enfermaría española, inspirado no código europeo de ética e deontoloxía de enfermaría.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C13	CB5.- Que os estudantes desenvolveran aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores con un alto grao de autonomía

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Describir a normativa legal vixente en materia de saúde laboral e prevención de riscos laborais	A29 A30 A38 A56	B6 B9 B12 B20 B21	C1 C7 C13
Diferenciar os riscos para a saúde derivados do traballo	A28 A29 A30 A38 A56	B5 B7 B10 B12	C1 C6 C13
Identificar e aplicar os sistemas de avaliación e as medidas de prevención dos riscos para a saúde no ámbito laboral.	A28 A29 A30 A38 A56	B5 B6 B7 B10 B12 B20	C6 C10 C13

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1. Conceptos xerais de Saúde laboral. Marco conceptual da enfermaría do traballo.	1.1. Conceptos xerais de traballo e saúde 1.2. Normativa legal sobre saúde laboral e xestión medioambiental 1.3. Marco conceptual e lexislativo da especialidade de enfermaría do traballo
Unidade 2: Área preventiva. Técnicas de prevención de riscos laborais	2.1. Seguridade no traballo 2.2. Hixiene industrial 2.3. Ergonomía e psicocioloxía aplicada a prevención
Unidade 3. Promoción da saúde no traballo. Vixiancia da saúde	3.1. Modalidades de organización da saúde laboral 3.2. Promoción da saúde laboral 3.3. Exames de saúde e protocolos de vixiancia sanitaria 3.4. Vacunacións
Unidade 4: Alteracións da saúde e patoloxías de orixen laboral	4.1. Accidentes de traballo 4.2. Incapacidade laboral e invalidez 4.2. Enfermidades profesionais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A30 A38 A56 B5 B6 B12 B21 C6	4	20	24
Traballos tutelados	A28 A29 A30 A38 A56 B5 B6 B7 B10 B12 B20 C1 C6 C7 C13	4	20	24
Proba mixta	A29 A30 A38 A56 C1 C10	2	20	22
Estudo de casos	A28 A29 A30 A38 A56 B5 B6 B9 B12 B20 C1 C6 C7	8	20	28



Sesión maxistral	A28 A29 A30 A38 A56 B5 B10 B20 C1 C6 C7 C13	22	28	50
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. O seguimento farase a través do correo electrónico, da plataforma Moodle e a plataforma Teams, a demanda do estudante e respectando os horarios de grupo reducido
Proba mixta	Integra preguntas tipo test de resposta única o de preguntas de tipo resposta corta.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica de saúde que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de estudantes, a través dun proceso de discusión. O/a alumno/a sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Sesión maxistral	Exposición oral presencial complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Análise de fontes documentais Traballos tutelados Proba mixta Estudo de casos	Durante o curso, a/o profesora/o da materia dedicará tempo a atención personalizada do estudante para seguimento, consultas e orientación do estudo e elaboración dos traballos. O espazo de comunicación pode ser con titoría de forma presencial, non presencial a través do correo electrónico, da plataforma Moodle ou da plataforma Teams, según as demandas dos estudantes, e respectando os horarios establecidos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A28 A29 A30 A38 A56 B5 B6 B7 B10 B12 B20 C1 C6 C7 C13	A realización do traballo supervisado será obrigatoria. A avaliación dos traballos inclúe a avaliación de competencias específicas e transversais. Puntuará un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 30% da nota final. En relación cos traballos tutelados valorarase: - A adecuación as normas de elaboración segundo o tipo de traballo presentado. - A metodoloxía adecuada do traballo entregado. - A profundidade do contido da materia estudada. - O dominio das ferramentas ou aplicacións utilizadas na elaboración do tema. - O uso de fontes documentais complementarias e actuais. - A presentación e claridade na redacción do traballo.	30
Proba mixta	A29 A30 A38 A56 C1 C10	Haberá unha proba escrita na data oficial do exame da materia. As probas consistirán en preguntas curtas e tipo test, relacionadas con contido teórico, lecturas, estudos de caso e traballos tutelados. Puntuarán un mínimo de 0 e un máximo de 10. Para acadar o aprobado o punto de corte se situará no 50% de respostas acertadas. Esta proba representará o 50% da nota final.	50
Estudo de casos	A28 A29 A30 A38 A56 B5 B6 B9 B12 B20 C1 C6 C7	O avance, interese e habilidades dos estudantes valoraranse durante as clases. Avaliarase a realización dos traballos necesarios ao longo do curso. Valorarase a adquisición de competencias específicas e transversais. Suporá o 20% da nota final.	20

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario superar tódalas partes avaliábeis desta. Cada unha das partes considérase superada ó alcanzar a metade do seu valor de avaliación.

MATRICULA DE HONRA: Poderán optar a matrícula de honra os alumnos/as cuxa media supere o 9,5. O profesor da materia poderá considerar criterios adicionais nos resultados obtidos polos/as estudantes en calquera das accións formativas programadas na guía docente.

CUALIFICACIÓN NON PRESENTADO: Os criterios rexeranse polos establecidos nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e master universitario da UDC".

OPORTUNIDADE ADIANTADA: Os criterios rexeranse polos establecidos nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e master universitario da UDC".

MATRICULA PARCIAL: Os criterios de avaliación serán os mesmos que na matrícula ordinaria e os traballos en grupo adaptaranse para a realización de forma individual polo alumno/a.

SEGUNDA OPORTUNIDADE: Rexeranse polos mesmos criterios que a primeira. Se o alumno/a non realizou ou superou os traballos, terá que presentar o traballo ou traballos que previo contacto co profesor.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Monereo Pérez JL, et al. (2012). Tratado de salud laboral . Cizur Menor: Aranzadi- Ruiz Frutos C, et al. (2013). Salud laboral: conceptos y técnicas para la prevención de riesgos laborales . Barcelona: Elsevier Masson- Guixà Mora J. (2017). Técnicas generales de análisis, evaluación y control de riesgo : seguridad y salud laboral. Barcelona: Universitat Politecnica de Catalunya, Iniciativa Digital Politécnica, 2017- Lousada Arochena JF, et al. (2018). La protección de la salud laboral de las personas trabajadoras especialmente sensibles a determinados riesgos. Albacete: Bomarzo- Vidal Lacosta V. (2019). El estrés laboral Análisis y prevención. Zaragoza Prensas de la Universidad de Zaragoza- Jefatura del Estado (1995). Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de prevención de Riesgos Laborales. . Madrid: BOE- Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (1997). Real Decreto 39/1997, de 17 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de los Servicios de Prevención. Madrid: BOE- Ministerio de Trabajo (1959). Orden de 21 de noviembre de 1959 por la que se aprueba el Reglamento de los Servicios Médicos de Empresa.. Madrid: BOE- Ministerio de Sanidad y Política Social (2009). Orden SAS/1348/2009, de 6 de mayo, por la que se aprueba y publica el programa formativo de la especialidad de Enfermería del Trabajo. Madrid: BOE- Consellería de Sanidad (2015). DECRETO 38/2015, de 26 de febrero, de residuos sanitarios de Galicia.. Santiago de Compostela: DOG
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Farmacoloxía/661G01011

Situacións de risco para a saúde e Radioloxía/661G01013

Enfermaría da Saúde Mental/661G01015

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Estancias Clínicas I/661G01025

Estancias Clínicas II/661G01026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Situacións de risco para a saúde e Radioloxía/661G01013

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Practicum/661G01032

Traballo fin de grao/661G01033

Observacións



Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO: - A entrega d'úas traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través do campus virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.

Non caso de que a entrega d'úas traballos, fose en papel: - Non se empregarán plásticos, - Realizaranse impresións a dobre cara, - Empregarase papel reciclado, - Evitarase a impresión de borradores. - Na realización d'úas traballos tutelados, ou plaxio e a utilización de material non orixinal, incluíndo aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. - Teranse en conta vos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. - Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero; velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado. - Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou non contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. - Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías